



## RSS coa predición xeral para Galicia

O documento que se presenta a continuación contén a descrición das etiquetas incluídas no arquivo en formato RSS coa predición xeral para Galicia.

Cómpre ter en conta que a información pertencente propiamente á estrutura do ficheiro RSS presentarase en formato cursiva.

A información está contida nas dúas etiquetas ou tags principais `<rss><channel>...</channel></rss>`.

Na descrición do resto das etiquetas distinguiremos dous bloques: as etiquetas propias do formato RSS e as que se deberán ter en conta para descargar a información en formato XML

### Parámetros que acepta o RSS

A este RSS pódenselle pasar dous parámetros:

- Para o **día de predición**: o parámetro é *dia* e pode ter os seguintes valores:
  - día=-1 → predición para todos os días dispoñibles.
  - día=0 → predición para o día en curso.
  - día=1 → predición para mañá.
  - día=2 → predición para pasadomañá.
  - día=3 → predición para o cuarto día. Este día adoita estar dispoñible a partir das once da mañá.
- Para o **idioma**: o parámetro é *request\_locale* e pode ter os seguintes valores:
  - request\_locale=es → para o castelán.
  - request\_locale=gl → para o galego.

### Etiquetas propias do RSS

*title*: Título do RSS.

*link*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición xeral para Galicia.

*description*: Semellante a *title*.

*pubDate*: Data da publicación.

*dc:date*: Data da publicación.

*item*: Bloque de etiquetas que constitúe propiamente a información referida á predición xeral. As descritas a continuación neste apartado son as específicas do formato RSS:

*title*: Data da predición.

*link*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición xeral para o día seleccionado.

*description*: Contén os estilos para amosar o contido do *item* en formato noticia.

*pubDate*: Data da publicación.

*guid*: Ligazón á páxina web de MeteoGalicia que amosa a predición xeral para o día seleccionado.

*dc:date*: Data da publicación.

### Etiquetas con información da predición

Están contidas na etiqueta `<item>...</item>`.




As que se refiren a variables conteñen un atributo *tipo* coa descrición e un atributo *id* que é un identificador único da variable.

As que se refiren a temperaturas conteñen dous atributos *tmin* (temperatura mínima) e *tmax* (temperatura máxima) co valor previsto para o concello sinalado.

*Cprazo:variables* con atributo *tipo*="Comentario xeral para Galicia" e atributo *id*="20": Comentario xeral para Galicia da predición para o día considerado.

*Cprazo:variables* con atributo *tipo*="Comentario especial" e atributo *id*="27": Este comentario existirá cando se presente en Galicia unha situación de alerta ou de especial importancia que o departamento de Predición de MeteoGalicia quere destacar.




*Cprazo:variables* con atributo *tipo*="Tendencia Temperaturas máximas" e atributo *id*="30": Tendencia para as temperaturas máximas para o día considerado. O valor da tendencia será un número que identificará se a tendencia é de ascenso, descenso ou mantéñense.

<i>Icona representativa*</i>	<i>Tendencia nas máximas</i>	<i>Valor numérico</i>
	De descenso	400
	Mantéñense	401
	De ascenso	402

\* Pode obter esta icona en:

[http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/imagenes/termometros/<Valor\\_Numerico>.png](http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/imagenes/termometros/<Valor_Numerico>.png), onde <Valor\_Numerico> corresponde co valor da terceira columna da táboa anterior.

*Cprazo:variables* con atributo *tipo*="Tendencia Temperaturas mínimas" e atributo *id*="31": Tendencia para as temperaturas mínimas para o día considerado. O valor da tendencia será un número que identificará se a tendencia é de ascenso, descenso ou mantéñense.

<i>Icona representativa*</i>	<i>Tendencia nas mínimas</i>	<i>Valor numérico</i>
	De descenso	403
	Mantéñense	404
	De ascenso	405

\* Pode obter esta icona en:

[http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/imagenes/termometros/<Valor\\_Numerico>.png](http://www.meteogalicia.es/datosred/infoweb/meteo/imagenes/termometros/<Valor_Numerico>.png), onde <Valor\_Numerico> corresponde co valor da terceira columna da táboa anterior.



*Cprazo:temperaturas* con atributo *tmax* e *tmin*: Concello para o que se predín as temperaturas incluídas nos atributos *tmax* e *tmin*. Os concellos incluídos son: A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela e Vigo. Si os datos de temperatura máxima e mínima non están dispoñibles devolverán -9999.

*Cprazo:dataPrediccion*: Data á que se refire a predición. Ten un atributo *formato*, que indica o formato da data.

### Exemplo dun bloque representativo

```
<item>
  <title>Predición para mércores 19 de setembro de 2012</title>
  <link>http://www.meteogalicia.es/web/prediccion/cprazo/cprazoIndex.action?
dia=0&request_locale=gl</link>
  <description>[...]</description>
  <pubDate>Tue, 18 Sep 2012 16:10:00 GMT</pubDate>
  <guid>http://www.meteogalicia.es/web/prediccion/cprazo/cprazoIndex.action?
dia=0&request_locale=gl</guid>
  <dc:date>2012-09-18T16:10:00Z</dc:date>
  <Cprazo:variables tipo="Comentario xeral para Galicia" id="20">Achegárase con forza o
anticiclón cara á Galicia na xornada do mércores, facendo que as nubes da metade norte vaian
diminuindo ao longo do día, aínda con posibles chuvias febles na Mariña pola mañá, e que os ceos
queden xa pouco anubrados ou despexados no resto. As temperaturas non experimentarán cambios
significativos. Os ventos soprarán do nordés, moderados na metade norte e no litoral, con refachos
fortes nos arredores da Costa da morte, e frouxos no resto.</Cprazo:variables>
  <Cprazo:variables tipo="Comentario especial" id="27" />
  <Cprazo:variables tipo="Tendencia temperaturas máximas" id="30">401</Cprazo:variables>
  <Cprazo:variables tipo="Tendencia temperaturas mínimas" id="31">404</Cprazo:variables>
  <Cprazo:temperaturas tmax="23" tmin="17">Coruña (A)</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="22" tmin="17">Ferrol</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="23" tmin="14">Lugo</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="28" tmin="14">Ourense</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="27" tmin="17">Pontevedra</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="23" tmin="15">Santiago de Compostela</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:temperaturas tmax="28" tmin="18">Vigo</Cprazo:temperaturas>
  <Cprazo:dataPrediccion formato="dd/MM/yyyy">19/09/2012</Cprazo:dataPrediccion>
</item>
```